

DECRETO DE RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS, ALCALDE

DECRETO: Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para provisión en propiedade de tres (3) prazas de CONSERXES DEPORTES en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, nomeamento do Tribunal Avaliador, lugar, data e hora do inicio do proceso selectivo. Expte. 2023 ESTB000004.

VISTO o expediente que se tramita para a provisión en propiedade de tres (3) prazas de CONSERXES DEPORTES (Códigos RPT 11.02.02.05, 11.02.02.08 e SC), en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022 e publicada no DOG número 103 do 31/05/2022 e no BOP da Coruña número 90 do 12/05/2022, a través do sistema de selección de CONCURSO DE MÉRITOS, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/12/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 244 do 27/12/2022, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Diario Oficial de Galicia número 12 do 18/01/2023, no Boletín Oficial do Estado número 16 do 19/01/2023 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía na data 06/02/2023, ditou resolución aprobando a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, que se publicou no BOP da Coruña de data 10/02/2023 número 29, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, concedéndose un prazo de 5 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da resolución no BOP, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Polo exposto, rematado o referido prazo, esta Alcaldía, de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1	Álvarez Parada Juan Salvador	***8103**	Si		Si
2	Blanco Ansoar Francisco Javier	***5956**	Si		Si
3	Calles Alonso Brais	***6532**	Si		Si
4	Carracedo Rama Marcos	***2293**	Si		Si
5	Figueiredo Crespo José	***0760**	Si		Si

CSV: 07E700100D5B00L4W615F2S6F6



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700100D5B00L4W615F2S6F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 13/03/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/03/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/03/2023 12:17:29

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000004

Fecha: 23/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



6	González Arias Rosa M ^a	***5535**	Si		Si
7	González Garabán Elena M ^a	***3745**	Non	Non achega a relación dos méritos que acredita esixida na Base 4 ^a , apartado 4.3, letra f).	Si
8	González Pouso Mónica	***3165**	Si		Si
9	González Sánchez M ^a del Rosario	***5218**	Si		Si
10	Mariño Corbelle M ^a Begoña	***5753**	Si		Si
11	Mos Mirás Elena M ^a	***3048**	Si		Si
12	Muñiz Sanisidro José Rubén	***3739**	Si		Si
13	Muñiz Vilar Francisco Antonio	***5869**	Si		Si
14	Olveira Vila José Manuel	***5312**	Si		Si
15	Rey Vázquez Jesús Manuel	***7869**	Si		Non
16	Sampedro Domínguez Juan Antonio	***5761**	Si		Si
17	Sampedro Muñiz Silvia	***5855**	Si		Si
18	Somoza Dieste Joaquín	***7755**	Si		Si
19	Vigo Rial Olimpio	***6981**	Si		Si

A inclusión dos aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

Segundo.- A lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicárase na páxina web do Concello de Ribeira (www.ribeira.gal) no apartado “*taboleiro de anuncios*”.

Terceiro.- Nomear o seguinte tribunal avaliador do proceso selectivo:

Presidente: Titular: María Paz Vidal. Suplente: Ariana Cajaraville Chacón.

Vogais: Primeiro/a Vogal: Titular: Uxía Landeira Pereira. Suplente: Juan Antonio Sieira Parada. Segundo/a Vogal: Titular: José Eugenio Millán Muñiz. Suplente: Vicente Javier Oujo Lijó. Terceiro/a Vogal: Titular: José Manuel Olveira Brión. Suplente: José Francisco Queiruga Domínguez.

Secretario/a: Titular: María Sieira Ríos. Suplente: Juan Manuel Salguero del Valle.

Contra a composición deste tribunal poderá presentarse escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar ós membros do Tribunal Avaliador para que o día 14 de abril de 2023 ás 12:00 horas, concurran á Casa Consistorial do Concello de Ribeira, co obxecto de proceder á súa constitución e ao inicio do proceso selectivo coa valoración dos méritos presentados e debidamente acreditados polos/as aspirantes.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á mencionada valoración dos méritos.

Quinto.- Publicar edicto co contido da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e na páxina web do Concello de Ribeira no apartado “*taboleiro de anuncios*”.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700100D5B00L4W615F2S6F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
 MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 13/03/2023
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/03/2023
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/03/2023 12:17:29

EXPEDIENTE ::
 2023ESTB000004
Fecha: 23/01/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700100D5B00L4W615F2S6F6



Sexto.- Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

En Ribeira, a 13 de marzo de 2023. O alcalde, Manuel Ruiz Rivas. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700100D5B00L4W615F2S6F6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 13/03/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/03/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/03/2023 12:17:29

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000004

Fecha: 23/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E700100D5B00L4W615F2S6F6

